

CeTeGa

EGAX

Centro de Tecnificación de Galicia

Escola Galega de Arbitros e Xuíces



¿Que é a EGAX?

A **Escola Galega de Adeptadores e Xuíces (EGAX)** é o órgano básico integrado no **Centro de Tecnificación de Galicia (CeTeGa)** da **Federación Galega de Hockey** encargado de coordinar, programar e desenvolver as ensinanzas relacionadas coa formación, capacitación e perfeccionamento de colexiados e xuíces en distintos niveis instrutivos nas especialidades deportivas de hockey e hockey sala e os ámbitos afíns de coñecemento que estes niveis obrigan.


Será o órgano de xestión e custodia de ámbito autonómico dos requisitos, programas e convocatoria de formación así como do rexistro de titulacións de colexiados e xuíces que podan establecer as normas e recomendacións da REFH, Federación Europea e Federación Internacional de Hockey, así como o Ministerio de Educación y Ciencia e a Xunta de Galicia nas súas competencias.

A EGA actuará en coordinación co **Colegio Nacional de Arbitros** da RFEH, e coas institucións docentes con recoñecemento académico oficial o por medio de convenios con Entidades en materias paralelas as recollidas nos planes de estudos.

¿Como funciona?

A Escola Galega de Árbitros e Xuíces, integrada na area correspondente do CeTeGa, depende da vocalía de Promoción da FGH e baixo a súa Dirección Técnica e en coordinación coa Dirección de Arbitros da FGH, se organiza en tres liñas de actuación:

- Rexistro de Arbitros e Xuíces de Galicia
 - Este rexistro e de obrigada inscrición para todo os colexiados e xuíces galegos para formar parte da EGA e participar das súas actividades.
 - Será rexistro básico para a emisión de licencias de no ámbito da FGH
- Coordinación e organización de cursos e actividades
 - Cursos regulados nos ámbitos formativos determinados pola normativa vixente
 - Outras actividades
- Contidos e materiais formativos e técnicos
 - Identificación, recompilación e xeración de materiais de apoio, soporte e consulta para adestradores e técnicos
 - Apoio e coordinación cos adestradores do CeTeGa e Seleccionadores Autonómicos no desenvolvemento de materiais e programas para a súa aplicación no centro.



¿Onde son as actividades?

A EGAX, como órgano integrado no CeTeGa ten a súa sede principal en Ourense, nas instalacións de hóckey de Mariñamansa, sitas na Universidade Laboral.

Adicionalmente se desenvolven actividades presenciais en Coruña e Vigo, así como onde sexa relevante e as instalacións o permitan.

E por suposto a EGAX promoverá as actividades formativas en ámbitos virtuais e de telepresenza coando sexa posible.

¿Quen participa?

Calquera persoa interesada nos contidos, actividades e tarefas da Escola Galega de Árbitros e Xuíces con algún tipo de licencia da FGH ou equivalentes previa inscrición no Rexistro de Arbitros e Xuíces de Galicia así como ó persoal nomeado pola FGH en tarefas asociadas no CeTeGa.

Ocasionalmente, persoas e institucións colaboradoras nomeadas expresamente pola dirección do CeTeGa.

Actividades

As actividades serán oportunamente comunicadas e as convocatorias emitidas tanto ás persoas rexistradas no Rexistro de Arbitros e Xuíces de Galicia como os clubs rexistrados e publicados nos medios dixitais oportunos a disposición do CeTeGa e da FGH en tempo e forma.

